



O departamento de **Ciencias do Colexio Apóstol Santiago de Vigo** convoca o concurso anual de ciencia e tecnoloxía dirixido a todo o alumnado da ESO e Bacharelato.

BASES

1- Modalidade de participación: Deseño, elaboración e explicación dun proxecto de ciencias que ilustre algún concepto científico ou a realización dunha pequena investigación.

Establécense dúas categorías: **A** (1º, 2º, 3º da ESO) e **B** (4º ESO, 1º, 2º de Bacharelato)

O traballo pode realizarse de modo individual ou en equipos de ata 3 alumn@s.

2- Tema: O fio conductor é: “as pandemias ao longo da historia”.

3- Formato: pode presentarse: unha maqueta, unha montaxe experimental, un póster, unha presentación, un vídeo, ou calquera outro formato que poda ser exposto en público.

Os traballos deberán ir acompañados dunha breve **memoria**, cun máximo de dúas carillas, onde figure: Os autores, título, obxectivos, hipótesis, fundamentos científicos, procedementos, material utilizado e as conclusións, xunto coa bibliografía/webgrafía utilizada. (ver modelo en [recursos](#))

4- Prazos: O derradeiro día para presentar os proxectos será o 26 de abril.

5- Xurado: O xurado estará constituído polo profesorado do departamento de Ciencias.

6- Premios: Establécese un premio de **120 euros** para cada categoría en material informático, deportivo ou de librería, ademais outorgaranse accesit a os dous mellores traballos de cada curso que recibirán un diploma acreditativo e outros premios sorpresa.

7- Criterios de selección: O xurado valorará a orixinalidade, o rigor científico e o coidado estético do traballo presentado.

8- Fallo do xurado: Na primeira semana de maio de 2023 no marco da “semana cultural do Colexio”, os traballos serán expostos na entrada do salón de actos e daranse a coñecer os traballos gañadores.

9. Entrega de premios: Realizaráse o **3 de maio** na gala de premios do Colexio Apóstol Santiago.

10. Difusión: Os traballos premiados poden ser difundidos polas redes sociais do centro.

A presentación ao concurso supón a aceptación destas bases.

[Anímate e participa!](#)

*En 4º da ESO poden participar os póster sobre as enfermidades xenéticas, e en algún outro curso o tema pode ser a criterio do profesor.

* Os traballos presentados poderán constituir un traballo avaliable de clase a criterio do profesor de cada materia de ciencias.